

PROXECTO INTERDISCIPLINAR

MANEXO DAS FONTES de INFORMACIÓN



PROPOSTA DE ACTIVIDADES DA BIBLIOTECA do IES POETA AÑÓN. OUTES.

Orixinal dispoñible en:

<http://www.ltscotland.org.uk/5to14/specialfocus/informationkills/index.asp>

INDICE DE CONTIDOS

1. O OBXECTIVO DA BÚSQUEDA	Páx.
1.1. Facerse preguntas.....	2
1.2. Palabras clave	6
2. LOCALIZAR A INFORMACIÓN	
2.1 Libros ou ordenadores?.....	8
2.2 A clasificación dos libros informativos	9
2.3 As fontes impresas, localización e avaliación	12
2.4 Un reto informativo	17
2.5 Fontes de información	19
2.6 Na Internet	21
3. O USO DA INFORMACIÓN	
3.1 Elaborar unha bibliografía	25
3.2 Toma de notas.....	27
3.3 Esquema para a redacción	29
3.4 Habilidades para a presentación	30
4. CUESTIONARIOS DE AVALIACIÓN.....	33

1.O Obxectivo da busca: 1.1 Facerse preguntas

Nome: _____

1.1. Que estás buscando e por que?

Investigar significa **buscar información** por unha razón concreta.

Necesitas ter unha idea clara de **por que** estás buscando e do **que** esperas saber ó final. Este é o obxectivo da túa busca.

Se estás buscando respostas tes que ser capaz de **facer as preguntas axeitadas**.

Non é unha boa idea empezar a buscar información se non tes unha idea clara do que estás buscando.

O traballo sobre o obxectivo da túa investigación é a primeira parte do proceso de busca.

Pregúntate:

- Que sei xa sobre este tema que poda axudarme?


As veces poda que non saibas nada sobre o tema. Outras veces sabes algo sobre o tema e necesitas aprender máis. Aprendemos mellor cando construímos sobre los coñecementos que xa temos.

A TORMENTA DE IDEAS

A tormenta de ideas é unha forma moi coñecida de establecer o que xa sabes sobre un tema e o que queres pescudar.

Ten que ver con pensar en palabras que podas asociar cun tema.

Por exemplo, se vas investigar sobre o Capitán Cook e sabes que foi un explorador, podes crear un **esquema gráfico** con todas as palabras que aparezan cando realices a tormenta de ideas sobre este tema:




Tormenta de ideas: Actividade

Intenta realizar unha tormenta de ideas sobre o tema que estás a traballar.

Propoñésmosche o tema do **CAMBIO CLIMÁTICO**. Pregúntate:

- Que palabras describen mellor o que xa sei?
- Qué palabras describen mellor o que necesito pescudar?
- Estas palabras deberían ser as **palabras clave** para o teu tema. As palabras clave son palabras importantes para o tema que estás investigando.
- **Fai un esquema gráfico aquí.**



Cómo converter as palabras clave en preguntas.

Agora que xa pensaches as palabras clave, tenta convertelas en preguntas. Isto axudate a buscar a información que necesitas.

Por exemplo, tomando de novo ó Capitán Cook:

- Cales eran as súas habilidades como **navegante**?
- Como foron a súa **infancia e xuventude**?
- Que lugares **explorou**?

Pensa nalgunhas preguntas que te axuden a contestar as túas necesidades de información sobre o tema. Escrebe esas preguntas sobre estas líneas.

Non esquezas resaltar as palabras clave.

1.O Obxectivo da busca: 1.2 Escoller palabras clave

Nome: _____

As veces utilízanse palabras clave que significan **o mesmo** que o tema de estudo. Escribe

palabras clave alternativas ou sinónimas

para estes temas:

fútbol

=

alpinismo

=

As veces úsanse palabras clave que teñen un significado **máis amplo** que o tema. Escribe

palabras clave **máis amplas** para os seguintes temas:

linguado



autobuses



As veces úsanse palabras claves que **acotan** a busca se o tema é demasiado amplo. Escribe

palabras clave para **acotar** os seguintes temas:

enerxía

|

reptís



Nos libros de coñecemento, as palabras clave aparecen habitualmente nunha lista por orde alfabética no índice, ó final. Cando buscas na rede, tes que escoller as palabras clave por ti mesmo.

Se queres buscar por un nome ou frase exacta usando un motor de busca, escríbeos entre “comiñas”.

Como buscarías páxinas web nas que se mencionara o nome da túa escola usando un motor de busca como Google?. Escribe a túa resposta na barra de abaixo.



Fai unha lista de palabras clave que usarías se tiveras que atopar información para os seguintes temas:

- O teu animal preferido
- A túa comida preferida
- O teu sitio preferido
- O ou a deportista que máis admires

Lembra que podes usar máis dunha palabra clave de cada vez.

Cantas máis uses máis acotarás a busca.

2.LOCALIZAR información 2.1. Libros ou ordenadores?


Nome: _____

Cres que os ordenadores substituirán ós libros por completo?
Intenta pensar nalgunhas das vantaxes e inconvenientes de utilizar libros e ordenadores. Escribe aquí todas as que se che ocorran.

Avantaxes





Inconvenientes

Vantais		Inconvenientes

Nome: _____

Os libros de coñecemento clasifícanse polo tema que tratan. A cada tema se lle asigna un número e este colócase no lombo do libro.

Escribe estes números de clasificación na orde correcta sobre o lombo dos libros que aparecen aquí abaixo. Despois, vai ós andeis da túa biblioteca escolar e comproba exactamente que tema representan estes números. Escribe o tema sobre o lombo de cada libro.



Hai moitos temas de coñecemento na biblioteca. Une cada tema co seu significado. Se precisas axuda, consulta nos andeis da biblioteca que libros están colocados en cada sección.

17
Filosofía

29
Mitoloxía

92
Biografía

33
Economía

611
Anatomía

32
Política

57
Bioloxía

821
Teatro

52
Astronomía

O estudio do espacio, as estrelas e planetas

Pensamentos sabios

Historias tradicionais da Antiguidade

O estudio dos seres vivos

Gobernos, maneiras de levar un país

A historia da vida dunha persoa

O estudio do diñeiro, comprar e vender

O estudio do corpo humano

Textos para representar nun escenario

O sistema de clasificación utilizado nesta biblioteca chámase **CDU, Clasificación Decimal Universal**. Utilízase en moitas bibliotecas do mundo. Chámase sistema **decimal** porque se divide en dez áreas temáticas fundamentais. Consultando os andeis da túa biblioteca escolar, intenta completar os diferentes temas dentro de cada sección.

<u>Sección</u>	<u>Temas</u>
0 Xeralidades	
1 Psicoloxía.Filosofía	
2 Relixión	
3 Ciencias sociais	
5 Ciencias naturais	
6 Ciencias aplicadas	
7 Arte. Música. Deportes. Ocio.	
8 Lingua. Literatura	
9 Xeografía.Historia	

2. LOCALIZAR información

2. 3. Fontes impresas

Nome: _____

Utilizar o catálogo da biblioteca

Hai tipos diferentes de catálogos, pero todos eles deberían permitirte buscar **libros de coñecemento** utilizando **palabras clave**.

Avaliar unha fonte impresa

Unha vez atopado o libro, hai que **avalialo**. Fíxate nas seguintes cuestións:

☞ **Está actualizado?**

A velocidade á que un libro queda anticuado depende do tema que trata. Por exemplo, un libro sobre Historia de España de fai vinte anos non terá información sobre os últimos resultados electorais, pero se necesitas información sobre a Segunda República sí a atoparás.

☞ **O libro amosa dous puntos de vista distintos ante unha controversia?**

Por exemplo, os experimentos con animais, o medio ambiente, etc.

☞ **Entendes o libro?**

Hai que ser honesto cun mesmo. Non ten sentido utilizar unha fonte de información se é demasiado difícil ou demasiado longa para ti. Debes buscar una fonte de información que sexa axeitada. Se o teu traballo debe ter unha páxina, é necesario un libro de 500 páxinas?

Como atopar a información que necesitas

A boa noticia é que habitualmente non fai falla que leas un libro de coñecemento dende a primeira páxina ata a última. Hai maneiras máis rápidas de atopar o que estás buscando. Por exemplo, podes utilizar o índice de contidos ou sumario.

O índice de contidos

Os contidos do libro aparecen ó **principio** do mesmo. É unha lista cos **títulos dos capítulos** do libro e a **páxina** onde comezan, o que pode resultar moi útil.

Por exemplo, se tes un libro sobre volcáns e estás buscando información sobre Pompeia, un capítulo titulado “Volcáns na historia” pode serte de gran utilidade.

Fíxate neste índice de contidos dun libro sobre a enerxía.

	<i>Pag.</i>
1. <i>Introducción</i>	4
2. Enerxía calorífica	10
3. Usos da enerxía	12
4. Enerxía renovable	14
5. Aforro de enerxía	17
6. O futuro da enerxía	20

☞ En qué capítulo buscarías información sobre como se **usa** a enerxía?

☞ Haberá información neste libro sobre a **conservación** da enerxía?

☞ Se é así, en que páxina estaría a información?

O sumario

O índice está ó **final** do libro e é un **listado alfabético** dos **temas** que trata. É moi útil. Cada vez que se menciona unha **palabra clave**, aparecerá no sumario co número da páxina correspondente. Deste xeito, terás acceso ás páxinas exactas onde se trata o tema que che interesa.

Fíxate nesta parte dun sumario dun libro sobre a enerxía.

carbón 17, 19
combustible fósil 17, 19, 20
conservación da enerxía 17, 18
efecto invernadoiro 16, 17, 20
electricidade 3, 12, 17, 20
enerxía hidráulica 4, 5, 11, 20
enerxía eólica 4, 5, 21
enerxía solar 10, 12, 18
xerador 5
paneis solares 17, 20
radiación 18, 20
sol 4, 8, 17, 20
ventás de dobre acristalamento 18

- Qué páxinas terán información sobre **combustibles fósiles**?

- *Onde atoparás información sobre **enerxía solar**?*

- *Onde podes informarte sobre a **radiación**?*

A bibliografía

Unha bibliografía é unha **listaxe** de recursos, incluíndo CD-ROMs, libros, artigos de revistas e páxinas web que utilizarás para realizar o teu traballo.

Facer unha bibliografía

É moi importante tomar nota dos datos dos libros que utilices para poder incluílos na bibliografía.

Esta é a información que debes incluír:

- o **nome do autor ou autora** (empezando polo apelido primeiro)
- o **título** do libro (en cursiva)
- a **editorial**
- o **ano** de publicación

Por exemplo:

Sis, Peter *El árbol de la vida*, RqueR editorial, 2004.

- ☞ Busca na biblioteca (utilizando o catálogo) libros axeitados ás palabras clave que escolleras para o teu tema. Se non atopas nada, podería ser un sinal de que o teu tema é demasiado difícil ou pouco realista, e quizás conveña que escollas outro tema.
- ☞ Unha vez localizados un ou varios libros, completa a **ficha de bibliografía e avaliación**.

Ficha de bibliografía e avaliación

Autor/a	Título	Editorial	Data

Este libro parece: moi fácil axeitado difícil

Este libro parece: anticuado antigo pero útil novo

Referencia ás miñas palabras clave no índice: Sí Non

Autor/a	Título	Editorial	Data

Este libro parece: moi fácil axeitado difícil

Este libro parece: anticuado antigo pero útil novo

Referencia ás miñas palabras clave no índice: Sí Non

Autor/a	Título	Editorial	Data

Este libro parece: moi fácil axeitado difícil

Este libro parece: anticuado antigo pero útil novo

Referencia ás miñas palabras clave no índice: Sí Non

2. LOCALIZAR información

2.4. Un reto informativo

Nome: _____

Se precisas atopar información, onde buscarías primeiro? Nun libro? Nun CD-ROM? Na internet? Este exercicio farache pensar na utilidade de cada un destes recursos á hora de buscar información. Os resultados te sorprenderán!

Dividirédesvos en tres grupos. Un grupo utilizará só libros, outro só CD-ROMs, e o outro só internet. A vosa tarefa consiste en atopar as respostas a estas tres preguntas o máis rápido posible:

1. Durante cuántos días se celebra o **Ramadán**?

2. En que cidade naceu a política **Federica Montseny**?

3. Cando asasinaron a **Martin Luther King**?

Se utilizades libros:

- Comezade cunha enciclopedia, por exemplo *Gran Larousse Universal*

Se utilizades CD-ROMs:

- Empezade con *Encarta*.

Se utilizades internet:

- www.wikipedia.com
- <http://enciclopedia.us.es/>

Estes sitios son un comezo seguro para navegar por internet.

Cando atopedes as respostas ás tres preguntas, completade o seguinte **cuestionario**.

Cuestionario sobre o reto informativo

1. O noso grupo empregou

libros

CD-ROMs

internet

para atopar as respostas. (Rodeade a vosa resposta)

2. Tempo empregado: _____

3. No noso grupo foi

fácil

non moi difícil

difícil

atopar as respostas. (Rodeade a vosa resposta)

4. Estas son as cousas boas e malas deste método de buscar información.
(Fai unha listaxe nesta táboa)

Boas

Malas



5. Compara os teus datos cos de outros grupos. Se poderas escoller **unha única maneira** de buscar, cal escollerías?

libros

CD-ROMs

internet

(Rodeade a vosa resposta)

Razoa a túa resposta:

2. LOCALIZAR información


2.5. Fontes de información

Nome: _____


Neste apartado utilizarás e desenvolverás as habilidades que teñen que ver co **pensamento** e a **organización**.

En primeiro lugar, pensa en todas as diferentes formas de atopar información.

Podes engadir algunha fonte de información máis a este gráfico?



Aínda que hoxe en día tes ó teu alcance moitas máis fontes de información que antes, non subestimes o valor dos libros. Se tes que buscar información sobre un tema xeral, ler un artigo curto nunha enciclopedia pode ser a mellor maneira de comezar.



Escribe o título e a autoría de cada recurso que teñas pensado utilizar. Esta información servirache máis adiante para escribir a bibliografía:

2.LOCALIZAR información

2.6. Na internet

Nome: _____

Buscadores

Un buscador é unha páxina cun programa de ordenador que te axuda a atopar información na internet.

Hai diferentes buscadores que funcionan de forma diferente, polo que os resultados que se obteñen tamén son distintos. Algúns comprobán **cada palabra** dunha páxina web. Isto significa que se obtén un gran número de resultados aínda que moitos deles non che serán moi útiles. Outros motores fan buscas por **tema**. Atópanse menos resultados pero son máis útiles.

Utilización de buscadores – tarefa

Pensa nunha palabra clave para un tema e escríbea en cada un destes buscadores. Apunta o número de resultados que obteñas en cada buscador. Despois bóttalle unha ollada a algunha das páxinas web atopadas por cada buscador. Son útiles?

Palabra clave	Buscador	Número de resultados	¿Útil?
	http://es.altavista.com		
	http://www.seekport.es/		
	www.google.com		

Planificar a túa busca

Tanto se buscas información nun libro, nun CD-ROM ou na rede, necesitas ter unha idea clara do que buscas antes de empezar. Pensa nas palabras clave que mellor definan o teu tema. Debes facer isto **antes** de ir ó ordenador!

Por exemplo, pedíronche información sobre “volcanes” en Italia. Posibles palabras clave: volcanes, Italia, lava, Etna.

Sigue estes pasos e verás cómo usar palabras clave diferentes produce resultados distintos:

1. Busca por ‘volcanes’. Cantos resultados obtés? _____
2. Agora busca por ‘Etna’ (nome **específico**). Cántos resultados obtés esta vez?

Máis consellos para as buscas

Engadir máis palabras clave á túa busca

Cantas máis palabras clave utilices, máis **detallada** será.

Para engadir máis palabras clave á túa busca utiliza o signo ‘+’ Por exemplo, para buscar “volcanes en Italia”, escribe:

volcanes + Italia

Acotar a busca

Outro truco é dicirlle ó buscador que palabras **non** queres que aparezan nos resultados.

Para facer isto, usa o signo ‘-’. Se no queres información sobre “volcanes en Japón”, escribe: **volcanes - Japón**.

Demasiada información?

As veces acabas con centos de resultados. Cómo decides cuál é a mellor páxina web?

Habitualmente, os resultados máis apropiados aparecen os primeiros. Soen aparecer un par de liñas describindo o **contido** de cada páxina web. Le estas liñas para decidir se o sitio che resultará **útil**.

Cando intentes decidir se unha páxina web é útil para ti, hai unhas cantas cousas nas que debes fixarte. Este proceso se chama **avaliación**.

Avaliar unha web

Quen a escribiu?

Calquera persoa pode colgar información na Internet, non fai falla ser un experto. Polo tanto, é importante asegurarse de que a información que aparece nunha páxina web é fiable. Así que, antes de utilizar unha páxina web para atopar información, asegúrate de que podes contestar ‘**SÍ**’ a **todas** estas preguntas:

- ☞ Se é unha páxina web dunha persoa concreta, podes estar seguro ou segura de que é de fiar?
- ☞ Se é unha páxina web dunha empresa ou organización, coñécela, é de fiar?
- ☞ Hai algún modo de contactar coa persoa ou organización responsable da páxina web (correo electrónico, número de teléfono ou dirección postal)?

Por que se deseñou esta páxina?

É comercial? (Está intentando venderte algo?)

Amosa un único punto de vista? (Intenta influír sobre ti?)

É do goberno ou dalgunha ONG, para proporcionar un servizo informativo?

- ☞ LEMBRA, se unha páxina web é comercial, ou toma partido por unha opción determinada, a información que contén pode ser igualmente útil, pero é necesario que sexas consciente destas cuestións.

A información está actualizada?

Aparece na páxina a última data de actualización?

Esa data é recente?

Esta información soe aparecer ó final da páxina.

Enténdela?

Non perdas o tempo cunha páxina que sexa demasiado difícil de entender.

Decide rapidamente se che serve ou non.

Probablemente fas o mesmo cos libros sen darte conta, fixándote en:

- . A linguaxe - demasiado difícil?
- . A súa lonxitude.
- . Se hai fotografías ou gráficos que axuden a explicar o texto.

Fai o mesmo coas páxinas web!

Avaliación de páxinas web

Utiliza este listado para axudarte.

URL <u>http://</u>
Nome da web:
Quen a realizou?
Cres que esta organización ou persoa é de fiar? Por que?
Por que cres que realizaron esta páxina?
Hai información de contacto?
Está actualizada recentemente?
Proporciona a información que necesitas?

3. USO de información

3.1. Elaborar unha bibliografía

Nome: _____

Estes son os elementos informativos máis importantes dun libro.

ALICE'S ADVENTURES IN WONDERLAND

AND
THROUGH THE LOOKING-GLASS

Título

By Lewis Carroll

Autor



With the original engravings by
JOHN TENNIEL
of which 8 have been redrawn in colour by
DIANA STANLEY

Editorial

LONDON: J. M. DENT & SONS LTD
NEW YORK: E. P. DUTTON & CO. INC.

Unha bibliografía é unha lista dos libros (ou outros materiais como revistas, páxinas web, etc) que se consultaron para elaborar un traballo de investigación:

- Primeiro escríbese o nome do autor ou autora, empezando polo apelido.
- Despois indícase o título, a editorial e a data. Aquí tes un exemplo.

Bibliografía sobre Japón:

Beasley, W.G. *Historia contemporánea de Japón*, Alianza, 1995

Hane, M. *Breve historia de Japón*, Madrid: Alianza, 2003

Sakaiya, T. *¿Qué es Japón?* Buenos Aires: Andrés Bello, 1995

Agora vai á biblioteca e escolle dous ou tres libros informativos sobre **un tema** que che interese.

Con eses libros, escribe unha bibliografía para ese tema. Recorda facelo do xeito que che indicamos.

Bibliografía sobre _____

3. Uso de información

3.2. Esquema para tomar notas

Nome: _____

Introducción:

O tema que escollín para a miña investigación é:

Interésame este tema porque...

Xa sei estas cousas sobre este tema:

- -
- -
- -

A información sobre este tema pode dividirse nos seguintes apartados principais:

- -
- -
- -
- -

APARTADO 1

Achei estas cuestións importantes sobre este tema:

- -
- -
- -
- -

APARTADO 1

Achei estas cuestións importantes sobre este tema:

- -
- -
- -
- -

APARTADO 2

Achei estas cuestións importantes sobre este tema:

- -
- -
- -
- -

APARTADO 3

Achei estas cuestións importantes sobre este tema:

- -
- -
- -
- -

APARTADO 4

Achei estas cuestións importantes sobre este tema:

- -
- -
- -
- -

BIBLIOGRAFÍA

Empreguei os seguintes recursos na miña investigación:

- - Libros
- - CDRoms
- - Páxinas Web

Nome: _____

Título

INTRODUCCIÓN

Escribe a túa introducción aquí

FOTO



APARTADO 1

Escribe a información aquí

APARTADO 2

Escribe a información aquí

APARTADO 3

Escribe a información aquí

APARTADO 4

Escribe a información aquí

FOTO



BIBLIOGRAFÍA

Atopei a información en:

3.USO da información

3.4. Presentación

Nome: _____

A información é transferible. Deberías ser capaz de transmitila. Cando investigas sobre un tema, deberías ser capaz de contarlle ó resto da clase o que averiguaches de xeito que podan entendela. Para elo, necesitas ter unhas habilidades de **presentación**. Aquí tes algúns consellos...

Apartados e subapartados

O teu traballo pode dividirse en apartados e subapartados. Aquí tes un exemplo:

Apartado – Antigo Exipto

Subapartado 1 – Faraóns

Subapartado 2 – Vida cotiá

Subapartado 3 – Pirámides

Procesador de textos

Se vas empregar un procesador de textos:

- utiliza un tamaño de letra 12 – excepto para os apartados, nos que o tamaño pode ser maior
- asegúrate de que os apartados se vexan ben – usa negriña ou sublíñaos
- usa unha letra fácil de ler, como *Arial* ou *Times New Roman*
- pregunta se o interliñado debe ser sinxelo ou a dobre espazo.
- usa tinta negra para a maior parte do traballo
- usa cores só para os apartados ou gráficos
- non utilices cores pálidas porque son difíciles de ler

Ilustracións

As veces a información vese mellor se utilizas ilustracións ou gráficos. Por exemplo, se tes que mostrar o índice anual de chuvias nun traballo de xeografía. Pódense debuxar táboas a man ou co ordenador. Pide axuda se non sabes facelo.

Ortografía

Utiliza o corrector ortográfico do procesador de textos antes de imprimir unha copia do teu traballo, pero lembra que hai algúns erros que o corrector non é capaz de localizar.

Caligrafía

É correcto escribir o teu traballo do teu puño e letra a menos que o profesor ou profesora vos indicara que debes redactalo cun procesador de textos. De tódolos xeitos, a túa letra debe ser lexible, se non se pode ler ben, non terás unha boa nota. É importante revisar o traballo antes de sacar a copia final.

LEMBRA

☞ **Os erros ortográficos baixarán a nota!**

- **Non** escribas todo con maiúsculas, só cando sexa necesario.
- Fai unha **portada** para o teu traballo. Nela aparecerá o **título** do traballo, **nome do teu profesor ou profesora**, o teu **nome e o teu curso** .
- Inclúe un **índice de contidos** trala portada. Esta é a lista dos contidos do teu traballo.
- **Paxina as follas**, excepto a portada.
- Usa unha carpeta ou un plástico para manter limpo o traballo.
- A última páxina do teu traballo debe ser a **bibliografía** - a lista de tódolos recursos que utilizaras para atopar a información.

☞ **Finalmente, le e revisa con coidado o teu traballo antes de entregalo.**

Exercicio de presentación

Como mellorarías a presentación deste traballo?

Las pirámides

Las pirámides SE CONSTRUYERON PARA CONSERVAR Y PROTEGER los cuerpos y posesiones de los reyes cuando morían. Puesto que los antiguos egipcios creían en la vida después de la muerte, querían que sus reyes tuvieran una tumba cómoda, con todo lo que necesitaran para su vida tras la muerte. A los faraones les dejaban muebles, ropa, joyas, cepillos, espejos y esculturas de sus sirvientes para que utilizaran todos estos objetos en su vida futura.

Las pirámides se construyeron con grandes bloques procedentes de canteras de piedra caliza. La Gran Pirámide de Giza tiene aproximadamente 2.300.00 bloques, y cada uno pesa sobre 2.5 toneladas. Había canteros especializados trabajando constantemente en las pirámides y durante tres meses al año cuando el nilo se desbordaba los agricultores solían ayudar a construir las pirámides.

4. CUESTIONARIOS DE AVALIACIÓN

Por que ensinar a manexar as fontes de información?

O obxectivo principal debería ser a autonomía do alumnado, a súa independencia. Deberían ser capaces de identificar as súas propias necesidades informativas e atopar os recursos axeitados para satisfacelas. É fácil perder de vista este obxectivo primordial se nos centramos demasiado nas habilidades por si mesmas e non recordamos as razóns polas que son importantes.

As habilidades en información traspasan os límites das materias escolares e son importantes para a vida e intereses de quen aprende, xa que lles permiten encargarse e responsabilizarse da súa propia aprendizaxe ó longo da súa vida.

Que o obxectivo se cumpra depende fundamentalmente de que os e as aprendices sexan capaces de utilizar a información para:

- apoiar os seus argumentos a favor ou en contra
- sacar conclusións
- resolver problemas

Os cuestionarios

O primeiro cuestionario pode utilizarse como unha ferramenta para comprobar o nivel de coñecementos previos.

O segundo cuestionario pretende medir o impacto no alumnado dos coñecementos adquiridos:

- Que aprenderon?
- Sinte o alumno ou alumna que a información lle axudou a chegar a unha conclusión ou a resolver un problema?

Nome: _____

Comproba as túas habilidades en información

Cales destas habilidades en información cres que xa tes? Cales cres que aínda necesitas aprender?

AS MIÑAS HABILIDADES	SEGURO/A	INSEGURO/A
Obxectivo		
Se necesito averiguar algo sobre un tema, son capaz de expresar as preguntas por escrito.		
Sei onde atopar as respostas ás miñas preguntas.		
Son capaz de decidir que información necesito e canto.		
Son capaz de escoller e utilizar palabras clave para buscar información.		
Localización		
Conozo diversas fontes de información e sei escoller as que considero que son mellores para o meu traballo.		
Son capaz de utilizar o catálogo da biblioteca introducindo as palabras clave para atopar os títulos dos libros que podan axudarme.		
Conozo o sistema de clasificación dos fondos da biblioteca e son capaz de atopalos nas estanterías.		
Son capaz de decidir cando un libro me vai ser máis útil que un CD-ROM ou internet.		
Sei que tipo de información é máis habitual atopar na internet que nun libro.		
Son capaz de utilizar un motor de busca e palabras clave para acotar ou refinar as buscas.		
Son capaz de utilizar os índices e sumarios dos libros para encontrar información relacionada coas miñas palabras clave.		
USO		
Son capaz de escribir unha bibliografía cos datos dos libros que consulteí.		
Son capaz de engadir páxinas web á miña lista de <i>Favoritos</i> para poder visitalas outra vez e sei escribir os seus URL.		
Son capaz de facer unha lectura rápida dun texto para decidir se a información me interesa.		
Son capaz de anotar información importante dun texto utilizando as miñas propias palabras.		
Son capaz de transmitir ós demais as miñas pesquisas ordenadamente e coas miñas propias palabras.		

Nome: _____

Avaliación do impacto

O obxectivo principal da miña investigación era:

O que me resultou máis fácil durante a investigación foi:

O que me resultou máis difícil durante a investigación foi:

_____ foi a fonte de información máis útil porque:

Penso que _____ non foi tan útil porque:

As cousas máis importantes ou interesantes que aprendin son:

Basándome no que descubrín, fun capaz de chegar a esta conclusión/resolver este problema:

As principais razóns para elo son: